

# **DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS**

## **1º DE ESO**

### **1.1. OBXECTIVOS**

#### **UNIDADE 1. Introducción á Tecnoloxía**

1. Comprender a función da Tecnoloxía e a súa importancia no desenvolvemento da civilización.
2. Analizar un obxecto tecnolóxico de modo ordenado, atendendo ós seus factores anatómicos, funcionais, tecnolóxicos e socioeconómicos.
3. Comprender e asimila-lo modo de funcionamento da aula-obradoiro e a actividade da área.
4. Desmontar obxectos analizando as súas partes e as súas función.

#### **UNIDADE 2. Expresión e comunicación gráfica en tecnoloxía**

1. Expresar ideas técnicas a través do debuxo, utilizando códigos que aclaren e estruturen a información que se quere transmitir.
2. Manexar con soltura trazados básicos de debuxo técnico, así como as ferramentas e útiles necesarios para a súa realización.
3. Coñecer distintas formas de representación de obxectos alternando o uso de vistas ou perspectivas segundo as súas necesidades de expresión.
4. Valora-la importancia do debuxo técnico como medio de expresión e comunicación na área de Tecnoloxía.

#### **UNIDADE 3. Estructuras e mecanismos**

1. Analizar estruturas resistentes sinxelas, identificando os elementos que a compoñen e as cargas e esforzos ós que estes últimos están sometidos.
2. Utilizar elementos estruturais sinxelos de maneira apropiada na confección de pequenas estruturas que resolvan problemas concretos.
3. Valora-la importancia da forma e o material na composición das estruturas, así como a súa relación coa evolución dos modelos estruturais a través da historia.
4. Adquirir-los coñecementos necesarios para a construción de máquinas de efectos únicos ou mecanismos simples e que realicen unha determinada función.

#### **UNIDADE 4. O proceso tecnolóxico**

1. Coñece-lo proceso tecnolóxico e as súas fases.
2. Resolver problemas sinxelos a partir da identificación de necesidades no seu contorno e respectando as fases do proxecto tecnolóxico.
3. Analizar necesidades, estudar ideas, desenvolver solucións e construír obxectos que resolvan problemas sinxelos.

#### **UNIDADE 5. Materiais de uso técnico**

1. Diferencia-los conceptos de materia prima, material e produto tecnolóxico.
2. Clasifica-las materias primas atendendo á súa orixe.
3. Coñece-la procedencia e aplicacións dos distintos materiais utilizados na industria na elaboración de produtos.
4. Recoñece-las propiedades básicas dos materiais (físicas, químicas e ecolóxicas) e os factores que inflúen para a súa elección nun determinado produto tecnolóxico.
5. Realizar ensaios sinxelos para identifica-las propiedades físicas básicas dos materiais.
6. Valora-la importancia dos materiais no desenvolvemento tecnolóxico e, ó mesmo tempo, o impacto ambiental producido pola explotación dos recursos naturais.

7. Coñece-los beneficios da reciclaxe de materiais e adquirir hábitos de consumo que permitan o aforro de materias primas.

#### **UNIDADE 6. A madeira e os seus derivados**

1. Coñece-la obtención, clasificación, propiedades características da madeira como uno dos materiais técnicos máis empregados.
2. Coñece-los materiais derivados da madeira, as súas propiedades e a súa presentación comercial para identifica-la súa idoneidade en cada aplicación.
3. Identifica-los diferentes tipos de madeiras nas aplicacións técnicas máis usuais.
4. Analiza-las propiedades que deben reuni-los diferentes tipos de madeiras na selección para a elaboración de diferentes produtos.
5. Coñecer e emprega-las técnicas básicas de conformación, acabado e unión da madeira de forma correcta na elaboración de obxectos sinxelos, mantendo os criterios de seguridade adecuados e seguindo o método de proxectos.
6. Coñecer e utilizar correctamente as ferramentas de corte, moldeado e unión de madeira respectando as normas de seguridade.
7. Confeccionar pequenos obxectos seguindo o método de proxectos, realizando correctamente as operacións de medir, trazar, cortar, lixar e pegar madeira e outros materiais empregados.
8. Valorar a importancia dos materiais no desenvolvemento tecnolóxico, así como o impacto ambiental producido pola explotación, transformación e refugallo da madeira.
9. Coñece-los beneficios da reciclaxe da madeira e adquirir hábitos de consumo que permitan o aforro de materias primas.

#### **UNIDADE 7. Electricidade**

1. Identifica-los elementos principais dun circuío sinxelo, distinguindo a función de cada un deles.
2. Comprende-lo funcionamento práctico da corrente eléctrica e coñece-las súas propiedades e os seus efectos.
3. Montar circuítos simples en serie e paralelo, realizando as unións con lóxica e pulcritude e construír elementos sinxelos para incluír neles.
4. Recoñece-los elementos externos que conforman o circuío eléctrico dunha vivenda e describi-la súa función.

#### **UNIDADE 8. O ordenador**

1. Utiliza-lo ordenador como ferramenta de apoio para a busca de información, o seu tratamento e posterior almacenamento.
2. Coñece-los elementos externos básicos dun ordenador persoal e a súa función no conxunto.
3. Domina-las operacións básicas dun sistema operativo: apertura de arquivos desde as distintas unidades, busca e ordenación de arquivos, etc.
4. Asumir de forma activa o avance e a aparición de novas tecnoloxías, incorporándoas ó seu quefacer cotián.

#### **UNIDADE 9. A internet. Busca de información a través da rede**

1. Recoñece-los compoñentes dunha rede informática e a súa función dentro do proceso de comunicación entre ordenadores.
2. Comprende-lo funcionamento da internet e as características dos servizos que ofrece.
3. Manexar con soltura as ventás dun navegador, identifica-las súas partes e utiliza-los principais menús.
4. Identifica-los elementos dun enderezo de internet.
5. Realizar buscas rápidas e sinxelas con buscadores de internet e coñece-las posibilidades que ofrecen os portais.
6. Conseguir dar de alta un acceso á internet.
7. Valora-las vantaxes e desvantaxes da comunicación entre ordenadores.

## 1.2. CONTIDOS

### UNIDADE 1. Introducción á Tecnoloxía

#### Conceptos

- A tecnoloxía como fusión de ciencia e técnica.
- Desenvolvemento tecnolóxico na historia, principais avances e revolucións tecnolóxicas.
- Normas de hixiene e seguridade na aula-obradoiro.
- Análise de obxectos:
  - Análise formal.
  - Análise técnica.
  - Análise funcional.
  - Análise socioeconómica.

#### Procedementos

- Descomposición dun obxecto sinxelo analizando os seus compoñentes físicos.
- Investigación da evolución histórica dun obxecto tecnolóxico, cos medios dos que se dispoña.
- Análise dun obxecto tecnolóxico cotián seguindo as pautas da análise dun obxecto estudado. Interese cara á tecnoloxía.

#### Actitudes

- Curiosidade cara ó funcionamento dos obxectos tecnolóxicos.
- Aceptación das normas de actuación no obradoiro.
- Disposición a propoñer solucións ante as necesidades do grupo.

### UNIDADE 2. Expresión e comunicación gráfica en tecnoloxía

#### Conceptos

- Debuxo técnico. Concepto e utilidade como medio de expresión de ideas técnicas.
- Materiais e instrumentos básicos de debuxo: soportes (tipos e características), lapis (dureza e aplicacións), cartabón, escuadra, compás, regra e transportador de ángulos.
- Trazados básicos de debuxo técnico: paralelismo e perpendicularidade, ángulos principais.
- Esquemas e bosquejos como elementos de expresión e ordenación de ideas.
- Escalas simples: natural, dobre, metade.
- Introducción á representación de vistas principais (alzado, planta e perfil) dun obxecto.

#### Procedementos

- Utilización axeitada dos materiais e instrumentos básicos de debuxo.
- Representación de trazados e formas xeométricas básicas.
- Medida de lonxitudes e ángulos.
- Expresión de ideas técnicas a través de bosquejos e esquemas claros e sinxelos.
- Expresión mediante vistas de obxectos sinxelos co fin de comunicar un traballo técnico.
- Estructuración da información que se quere transmitir elaborando códigos de expresión.

#### Actitudes

- Gusto pola pulcritude e a orde na presentación de debuxos.
- Interese polas diferentes formas de expresión gráfica e os seus soportes.
- Actitude positiva e creativa perante os problemas prácticos.
- Valoración da importancia de manter un espazo de traballo ordenado e agradable.

### UNIDADE 3. Estructuras e mecanismos

### Conceptos

- Forzas. Tensión interna e esforzo. Cargas.
- Estructuras: naturais e artificiais. Estructura resistente.
- Tipos principais de esforzos: tracción, compresión, flexión, torsión e cortante.
- Estructuras de barras. Deformación. Triangulación como método para facer ríxidas as estruturas de barras.
- Principais elementos resistentes en estruturas artificiais: viga, pia. Cimentación.
- Elementos auxiliares e que dan rixidez á estrutura: tirantes, cartelas e elementos de triangulación.
- Elementos resistentes históricos: bóvedas, arcos, linteis, columnas.
- Tipoloxía de estruturas ó longo da historia
- Mecanismos básicos de transmisión e transformación de movementos (poleas, pancas e bielas, engraxes, levas...).

### Procedementos

- Análise de estruturas sinxelas identificando os elementos estruturais que a compoñen.
- Identificación dos esforzos ós que están sometidas as pezas dunha estrutura simple.
- Construcción dunha estrutura simple que resolva un problema concreto.
- Asociación de materiais ós elementos estruturais analizados.

### Actitudes

- Valoración da importancia das estruturas na vivenda e as infraestructuras do seu contorno.
- Disposición a actuar segundo unha orde lóxica nas operacións do proceso de traballo na aula-obra de tecnoloxía.
- Valoración da importancia de manter un lugar de traballo ordenado e agradable.
- Disposición e iniciativa persoal para participar solidariamente en tarefas compartidas.

## UNIDADE 4. O proceso tecnolóxico

### Conceptos

- Necesidades sociais e individuais e posibilidade de resolvelas.
- O proceso de deseño tecnolóxico. Fases principais:
  - Investigación, estudo e documentación do problema.
  - Confección do deseño, planos, orzamento e plan de construción.
  - Construción.
  - Ensaio e probas.
  - Avaliación.

### Procedementos

- Identificación de necesidades cotiás e problemas comúns do seu contorno.
- Resolución seguindo o método exposto de problemas tecnolóxicos sinxelos.

### Actitudes

- Interese pola tecnoloxía e polo desenvolvemento tecnolóxico.
- Actitude positiva e creativa para propoñer solucións ante as necesidades do grupo.
- Satisfacción coa resolución de problemas.
- Aprecio pola orde na planificación xeral do proceso de traballo.

## UNIDADE 5. Materiais de uso técnico

### Conceptos

- Materias primas, materiais e produtos tecnolóxicos.
- Clasificación das materias primas segundo a súa orixe.
- Materiais de uso técnico: madeiras, materiais metálicos, plásticos, pétreos, cerámicos e téxtiles.

- Propiedades físicas, químicas e ecolóxicas dos materiais.

### **Procedementos**

- Clasificación das materias primas atendendo á súa orixe.
- Relación entre materia prima, material e produto tecnolóxico.
- Clasificación, obtención e aplicacións dos materiais de uso técnico.
- Clasificación das propiedades dos materiais en físicas, químicas e ecolóxicas.
- Distinción de diferentes materiais identificándoos segundo as súas propiedades.
- Realización de ensaios sinxelos de recoñecemento e medida de propiedades dos materiais.
- Identificación de propiedades físicas, químicas e ecolóxicas en materiais de uso cotián.
- Relación das propiedades dos materiais coa súa utilización en diferentes produtos tecnolóxicos.

### **Actitudes**

- Curiosidade e interese cara ós distintos tipos de materiais e o seu aproveitamento.
- Valoración da importancia das materias primas no desenvolvemento tecnolóxico.
- Respecto polas normas de seguridade durante o uso de ferramentas e materiais na aula-obradoiro de tecnoloxía.
- Actitude positiva e creativa ante os problemas prácticos.

## **UNIDADE 6. A madeira e os seus derivados**

### **Conceptos**

- A madeira. Constitución e propiedades.
- Madeiras de uso habitual. Aplicacións.
- Papel, taboleiros e outros derivados. Propiedades e presentación comercial. Aplicacións.
- Ferramentas e aparellos necesarios, e técnicas básicas para o traballo coa madeira e os seus derivados.
- Normas de uso, seguridade e hixiene á hora de traballa-la madeira.

### **Procedementos**

- Identificación dos distintos tipos de madeiras habituais e derivados segundo as súas propiedades físicas e aplicacións.
- Relación das propiedades dos materiais coa súa utilización en diferentes produtos tecnolóxicos.
- Aplicación para cada traballo do material máis conveniente atendendo ás súas propiedades e á súa presentación comercial.
- Emprego de técnicas manuais elementais para trazar, cortar, perforar e uni-la madeira e os seus derivados na elaboración de obxectos tecnolóxicos sinxelos, aplicando as normas de uso, seguridade e hixiene.

### **Actitudes**

- Curiosidade e interese cara ós distintos tipos de materiais e o seu aproveitamento.
- Valoración da importancia da madeira no desenvolvemento tecnolóxico.
- Respecto polas normas de seguridade durante o uso de ferramentas e materiais na aula-obradoiro de tecnoloxía.
- Actitude positiva e creativa ante os problemas prácticos.
- Valoración do impacto ambiental producido pola explotación, transformación e refugallo da madeira.

## **UNIDADE 7. Electricidade**

### **Conceptos**

- Carga eléctrica: positiva e negativa.
- A corrente eléctrica.
- Símil hidráulico da corrente eléctrica.
- Circuito eléctrico: compoñentes básicos (xeradores, transmisores de corrente, interruptores e receptores) e funcionamento.
- Efectos básicos da corrente: luz, calor e movemento.
- Magnitudes básicas: lei de Ohm.

- Circuitos en serie e en paralelo. Diferencias e comportamento básico.

### **Procedementos**

- Identificación dos distintos compoñentes dun circuíto eléctrico e función de cada un deles dentro do conxunto.
- Montaxe de pequenos circuitos en serie e en paralelo.
- Construción de compoñentes de circuitos (xeradores, interruptores, chaves de cruce, resistencias) de maneira sinxela.
- Recoñecemento dos elementos externos da instalación eléctrica dunha vivenda.
- Resolución de problemas de proporcionalidade entre as magnitudes eléctricas fundamentais.

### **Actitudes**

- Respecto polas normas de seguridade na utilización dos materiais e ferramentas.
- Interese pola precisión e a limpeza nas montaxes eléctricas.
- Valoración da importancia da utilización da corrente eléctrica no mundo actual.
- Actitude positiva e creativa perante os problemas prácticos.
- Disposición e iniciativa persoal para participar solidariamente en tarefas compartidas.

## **UNIDADE 8. O ordenador**

### **Conceptos**

- O ordenador. Elementos internos, compoñentes e funcionamento básico.
- Introducción á informática
- Programas baseados en aplicacións ofimáticas: procesador de textos, base de datos.
- Organización de arquivos.
- O ordenador como ferramenta de busca de información: as enciclopedias virtuais e a internet.
- Breve desenvolvemento histórico da informática.

### **Procedementos**

- Clasificación dos distintos elementos que compoñen o ordenador.
- Identificación dos compoñentes do ordenador e función destes no conxunto.
- Manexo de programas sinxelos: o procesador de textos e a base de datos.
- Control da orde nas operacións e no almacenamento da información no ordenador.
- Uso do ordenador como recurso de obtención de información.

### **Actitudes**

- Interese polas novas tecnoloxías.
- Valoración da importancia crecente dos ordenadores e da internet na sociedade.
- Disposición positiva na utilización do uso do ordenador nas tarefas escolares.
- Respecto polas normas de uso e seguridade no manexo do ordenador.

## **UNIDADE 9. A internet. Busca de información a través da rede**

### **Conceptos**

- Os elementos da comunicación e a súa identificación na comunicación entre ordenadores.
- Identificación e función dos distintos elementos dunha rede. Concepto de rede de redes.
- Funcionamento da internet, servizos que ofrece e dominios de primeiro nivel máis empregados.
- Partes dunha dirección URL. Nome das distintas zonas da ventá do navegador.
- Buscadores e tipos de busca. Elementos máis usuais na páxina principal dun buscador.
- Concepto de portal. Utilidade e clasificación.
- Formas de dar de alta unha conexión na internet.

### **Procedementos**

- Acceso ós directorios de tódolos ordenadores dunha rede. Copiar e pegar arquivos dun ordenador a outro.
- Consulta de páxinas web.
- Recoñecemento dos dominios de primeiro nivel, os dominios, os servidores, servicios e protocolos de distintos enderezos de internet.
- Activación e observación de ligazóns dentro dunha mesma páxina web e entre páxinas distintas.
- Acceso a buscadores. Buscas de distinto tipo: por categorías, palabras clave, operadores lóxicos, sintaxe avanzada, etc.
- Acceso a portais horizontais e verticais. Obtención de información e servicios.
- Dar de alta unha conexión en internet.

### **Actitudes**

- Recoñecemento da importancia do uso do ordenador e da comunicación entre eles no mundo actual.
- Interese polo funcionamento da internet, actitude positiva perante o uso da rede.
- Gusto polo coidado dos equipos informáticos.
- Actitude respectuosa e responsable na comunicación con outras persoas utilizando medios informáticos.
- Valoración da importancia da internet na obtención de información que poida servir na vida cotiá e profesional.

## **2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Logo de establece-los obxectivos ou capacidades desta área e mailos contidos a través dos cales o alumno tratará de alcanzalos, os criterios de avaliación concíbense como un instrumento a través do cal se analiza tanto o grao no que os alumnos os alcanzan como a propia práctica docente. Deste xeito, mediante a avaliación estanse controlando os diversos elementos que interveñen no conxunto do proceso educativo para introducir cantas correccións sexan necesarias, sempre coa perspectiva de mellora-las capacidades intelectuais e persoais do alumno. Diso debemos deducir que non tódolos alumnos responden necesariamente ós mesmos ritmos de adquisición de coñecementos. Estes ritmos deben manifestarse tamén na propia concepción do modelo ou procedemento de avaliación e nos instrumentos e criterios que se van empregar.

A interrelación entre obxectivos, contidos e metodoloxía didáctica encontra a súa culminación nos procedementos e nos criterios de avaliación propostos. Isto é, preténdese que o alumno alcance –frente a un coñecemento memorístico–, determinadas capacidades e que asuma os valores sociais propios do sistema democrático. Por iso, o alumno non soamente deberá coñecer acontecementos e fenómenos sociais, senón que tamén deberá interpretalos e valoralos no contexto no que se produciron. Pero para que o seu coñecemento sexa significativo, os procedementos tamén deberán ser obxecto de avaliación; non en balde son instrumentos de análise imprescindibles para o coñecemento social.

\* Cita-las propiedades básicas da madeira e dos metais como materiais técnicos; enumerar algunhas das súas variedades e transformados máis utilizados, identificándoos nas aplicacións técnicas máis usuais; empregar técnicas básicas de conformación, unión e acabado de forma correcta, mantendo os criterios de seguridade que se precisen.

\* Utilizar algunha ferramenta simple para desenvolver unha tarefa sinxela aplicando as normas de uso e os criterios de seguridade que se precisen.

\* Expresar mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos sinxelos co propósito de comunicar un traballo tecnolóxico.

\* Identificar, en estruturas e sistemas sinxelos, elementos resistentes e os esforzos ós que están sometidos.

\* Sinala-los mecanismos simples de transformación e transmisión de movementos que compoñen unha máquina complexa elemental; explicar brevemente o seu funcionamento en conxunto; calcula-las relacións de transmisión, no caso que proceda.

\* Identifica-los elementos fundamentais dun circuío eléctrico sinxelo de corrente continua e describir brevemente a súa función dentro del.

\* Realiza-la montaxe dun circuío eléctrico sinxelo en corrente continua, empregando pilas, interruptores, conmutadores, resistencias, lámpadas, motores, electroimáns e relés, como resposta a un fin determinado.

\* Distingui-las partes dun motor de explosión e describir elementalmente o seu funcionamento.

\* Identifica-los compoñentes fundamentais dun ordenador tipo e os seus periféricos máis comúns, explicando brevemente a súa función dentro do conxunto.

\* Realizar pequenos informes sobre as tarefas e os traballos técnicos desenvolvidos, utilizando o ordenador para procesar textos, confeccionar pequenas follas de cálculo e elaborar gráficas e debuxos sinxelos.

## **2.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN EMPREGADOS**

Estes criterios de avaliación recóllense organizados por unidades na seguinte forma:

### **UNIDADE 1. Introducción á Tecnoloxía**

- 1.** Coñece-los principais avances e revolucións tecnolóxicos producidos ó longo da historia.
- 2.** Investiga-la evolución histórica dun obxecto tecnolóxico.
- 3.** Analizar un obxecto tecnolóxico seguindo o método de análise de obxectos.
- 4.** Identificar e respecta-las normas básicas de actuación na aula-obradoiro.

**UNIDADE 2. Expresión e comunicación gráfica en tecnoloxía**

1. Coñecer e utilizar axeitadamente os instrumentos e soportes básicos de debuxo.
2. Medir e representar correctamente lonxitudes e ángulos.
3. Representar con exactitude os trazados e formas xeométricas básicas de debuxo técnico.
4. Expresar ideas técnicas a través de esquemas e esbozos claros e sinxelos.
5. Saber representar un obxecto a tamaño natural e a escala.
6. Expresar obxectos sinxelos mediante diferentes vistas, co fin de comunicar un traballo técnico.

**UNIDADE 3. Estructuras e mecanismos**

1. Analizar estruturas sinxelas identificando os elementos estruturais que a compoñen.
2. Identifica-los esforzos ós que están sometidas as pezas dunha estrutura simple.
3. Construír unha estrutura simple que resolva un problema concreto.
4. Asociar materiais ós elementos estruturais analizados.

**UNIDADE 4. O proceso tecnolóxico**

1. Identificar e resolver necesidades cotiás e problemas comúns do contorno, seguindo de maneira ordenada as fases do proceso de deseño.
2. Producir-la documentación asociada que permita o seguimento do proxecto en tódalas súas fases.

**UNIDADE 5. Materiais de uso técnico**

1. Diferencia-los conceptos de materia prima, material e produto tecnolóxico.
2. Clasifica-las materias primas atendendo á súa orixe.
3. Coñecer a procedencia e aplicacións dos distintos materiais utilizados na industria na elaboración de produtos.
4. Coñece-las propiedades físicas, químicas e ecolóxicas dos materiais.
5. Realizar ensaios sinxelos que permitan recoñecer e medir propiedades físicas dos materiais.
6. Identifica-las propiedades físicas, químicas e ecolóxicas en materiais de uso cotián.
7. Relaciona-las propiedades dos materiais coa súa utilización en obxectos cotiáns, así como a súa importancia na elaboración de produtos tecnolóxicos.

**UNIDADE 6. A madeira e os seus derivados**

1. Coñece-lo proceso de obtención da madeira en bruto e dalgún dos seus derivados.
2. Coñece-las propiedades básicas da madeira como material técnico, as súas variedades e derivados celulósicos.
3. Identifica-los distintos tipos de madeiras habituais segundo as súas propiedades físicas e aplicacións técnicas máis usuais.
4. Emprega-las técnicas básicas de conformación, acabado e unión de forma correcta, mantendo os criterios de seguridade adecuados.
5. Valora-lo impacto ambiental producido pola explotación, transformación e refugallo da madeira, e coñece-los beneficios da súa reciclaxe.

**UNIDADE 7. Electricidade**

1. Identifica-los distintos compoñentes dun circuíto eléctrico e a función de cada un deles dentro do circuíto.
2. Montar pequenos circuítos eléctricos en serie e en paralelo.
3. Construír compoñentes sinxelos de circuítos eléctricos (xeradores, interruptores, chaves de cruce, resistencias).
4. Defini-las magnitudes eléctricas básicas e a súa interrelación.

**UNIDADE 8. O ordenador**

1. Identifica-los compoñentes fundamentais do ordenador explicando a súa función no conxunto.
2. Emprega-lo ordenador como ferramenta de traballo co obxecto de procesar textos e de busca de información.

**UNIDADE 9. A Internet. Busca de información a través da rede**

1. Coñece-los elementos dun acto de comunicación entre persoas e asociar eses elementos coa comunicación entre ordenadores.
2. Identificar na realidade da aula-obradoiro os elementos dunha rede.
3. Coñece-lo funcionamento da internet, o concepto de dominio e os servizos básicos que nos ofrece.
4. Utilizar con soltura os navegadores, coñecendo as súas funcións básicas e o modo de localizar un documento na internet.
5. Realizar buscas en buscadores por categorías, con palabras clave e con buscas avanzadas.
6. Coñece-los diferentes tipos de portais e a súa utilidade.

**3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Á hora de trata-los contidos, téñense moi en conta aqueles que respondan mellor ás diferentes capacidades, necesidades, intereses e motivacións do alumnado, xa que se asume a súa heteroxeneidade e os diversos contextos ós que debe chega-la información que se lles ofrece.

No caso especial dos alumnos con NEE atenderase especialmente a estes alumnos entroncando coa laboura que se desenvolva desde o departamento de Orientación, para propoñer tarefas que se adapten ás necesidades e intereses destes alumnos, tentando chegar ós obxectivos do curso e ciclo por medio de traballos máis manipulativos, sempre que as posibilidades de agrupamentos (horas e espazos) o permitan. As ferramentas informáticas son unha parte importante para poder prestar unha atención especial a estes alumnos, polo que se buscarán e integrarán os recursos de software axeitados ó desenvolvemento das súas capacidades.